



**Os voluntarios,
coa natureza e
co patrimonio
histórico**



**Viaxe a
Munich, a
historia entre
cervexas**



**O II Vigo
Transforma
vén con toda
a enerxía**

**Xuventude Galicia Net
Este ano, máis formación**



Xuventude
novas



Máis de 1.200 mozos e mozas conectados ao Xuventude Galicia Net

- Compléméntase con numerosas actividades lúdicas



É a gran cita anual de afeccionados e profesionais do mundo da informática, o paraíso das conexións a internet de alta velocidade e unha boa ocasión para divertirse. Pero cada vez máis tamén unha oportunidade para abrirse paso no mercado laboral, como un escaparate no que amosar o talento propio ou como unha guía para formarse máis no mundo das tecnoloxías da información e a comunicación.

A duodécima edición do **Xuventude Galicia Net** demostrou que este encontro, unha das 'partys' de maior prestixio de toda España, segue en plena forma, coa participación de máis de 1.200 mozos e mozas inscritos durante toda a fin de semana do 15 ao 17 de abril no **Pazo de Congresos e Exposicións de Santiago**.

Ningunha ou moi poucas horas de sono, durmindo nos lugares máis insospetados, e para comer e beber as provisións tomadas no súper pouco antes de vir. Así é como se garante a supervivencia para toda a fin de semana de Lan Party, co



O director xeral de Xuventude, falando con participantes de XGN

básico para perder pouco tempo e aproveitar ao máximo as posibilidades que ofrece unha conexión de un xigabit por segundo, cen veces superior ás que empezan a ser máis comúns nos fogares.

O intercambio de arquivos, os xogos en liña ou as descargas para ac-

tualizar o equipo son algunhas das actividades clásicas do Xuventude Galicia Net, pero tamén se constatou que cada vez hai usos máis diferenciados e segmentados por parte dos usuarios. Algo coherente tendo en conta a evolución de internet ata adaptarse a todas as necesidades persoais e profesionais.

As actividades abertas ao público en xeral superan as 6.300 persoas

Como en toda party que se prece, a diversión foi o primeiro en entrar e o último en saír. Neste sentido, a maiores do que os participantes prepararon entre si, o programa de Xuventude Galicia Net incluíu campionatos de **Counter Strike 1.6**, **League of Legends**, **Super Street Fighter 4**, e **ProEvolution Soccer**.

Pero non todo foi competición virtual. Para desconectar, tomar o aire e estirar as pernas, organizáronse competicións tan acaídas como lanzamento de cedés, carreiras de sacos, air guitar ou dobraxe.

Nos exteriores dispúxose dun campo de paintball. Programáronse ademais cursos de defensa persoal, xogo de pao e esgrima antiga europea. E de xeito continuo proxectáronse durante toda a fin de semana vídeos e filmes baixo licenza creative commons.

No serán do sábado foi tamén moi concorrido un concerto ao aire libre, con varios grupos musicais. Foi de balde e aberto a todos os interesados, non so pre



Coa vista posta en formar especialistas

● XGN é tamén un foro laboral no sector das TIC

A edición do Xuventude Galicia Net de 2011 centrouse na formación para os xóvenes que participan. A dirección xeral de Xuventude e Voluntariado deulle prioridade a este aspecto, de modo que se programaron máis de corenta charlas, coloquios e mesas redondas. En conxunto, conformaron un foro para que empresas do sector das TIC puidesen atopar persoal especializado en novas tecnoloxías.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, afirmou que a intención é "seguir apostando por mellorar os vínculos entre as empresas e esta iniciativa para sacarlle o máximo rendemento, tamén no eido laboral".

Mato inscribiu esta aposta no compromiso da Xunta coa educación non formal, recollido na 'Estratexia Xuventude 2013'. Neste sentido, o plan de formación de

Xuventude deste ano chega a máis de 6.300 persoas.

Contidos no XGN

As charlas sobre informática no XGN abordaron o **Javascript**, o framework **Symfony**, o **HTML** ou a iniciación ao **Android**. Non obstante, o máis vistoso foi un obradoiro sobre a plataforma electrónica **Arduino** e a exhibición de helicóptero e **Hexacopter**, no eido do aeromodelismo virtual de vangarda.

En Xuventude Galicia Net houbo tempo para todo



En pleno boom das redes sociais, tampouco faltaron as intervencións relacionadas con elas, así como sobre as startups baseadas na internet, e obradoiros de podcasting ou banda deseñada.

Todo correu a cargo de profesionais de diferentes disciplinas que amosaron as súas experiencias e compartiron os seus coñecementos. A entrada a todas as charlas foi de balde e de acceso libre.

A programación de actividades abertas ao público en xeral superou os 6.000 participantes

Por segundo ano consecutivo, Xuventude Galicia Net ofreceu unha programación de actividades aberta ao público en xeral, non só para os inscritos previamente. O éxito foi rotundo, ao superar os 6.000 participantes, segundo o relato

da Consellería de Traballo e Benestar.

O que máis atraeu, dentro da aposta pola formación, foron as preto de corenta charlas e obradoiros sobre aspectos como a creación de empresas TIC, o deseño

web, o software libre ou as redes sociais.

Tamén o xogo do paintball, a proxección da película do sábado ou o concerto de hip-hop levaron a centos de persoas ata o Pazo de Congresos, xunto cos cursos de

defensa persoal, o xogo do pau e a esgrima antiga europea.

En definitiva, demostrouse que Xuventude Galicia Net ten un público con máis interese que os ordenadores porque, tal como salientou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, Xuventude Galicia Net evo-

lucionou ata converterse "nun encontro de formación e un marco para a aprendizaxe e o intercambio de experiencias".

O interese despertado para eses máis de 6.000 visitantes demostra tamén que XGN deixou de ser unha "mera conexión ultra rápida a internet", dixo Mato.



Natureza e patrimonio histórico, primeiros obxectivos do voluntariado

A chegada do bo tempo, polo de agora algo tímida, serve para poñer en marcha os primeiros grandes proxectos do **Ano Europeo do Voluntariado** en Galicia. Desde a derradeira fin de semana de abril e ata xuño, vanse centrar, por unha parte, na conservación e protección do **patrimonio natural** galego nas Serras do Xurés e de San Mamede e, por outra, na recuperación de **patrimonio histórico e cultural** en Celanova. As dúas iniciativas póñense en marcha por primeira vez.

Presentación dos programas de voluntariado en Ourense



Arqueoloxía castrexa en Castromao

O programa de voluntariado relativo ao patrimonio cultural de Celanova terá como escenario o xacemento arqueolóxico de Castromao, un dos principais referentes da cultura castrexa no noroeste da Península. Os participantes intervirán no entorno do xacemento, reparando o roteiro arqueolóxico, sinalando o castro e limpando a reitoral. Tamén limparán e sinalizarán o roteiro dos petroglifos do Arnoia e da Casa da Neve e recuperarán o foxo

da antiga fortaleza medieval de Milmanda.

Non todo vai ser traballo, xa que tamén se programou un xogo de rol con personaxes de novelas de cabalerías en Vilanova dos Infantes. Os participantes, maiores de idade, teñen de balde nesta iniciativa autonómico aloxamento e pensión completa nun albergue, e o programa de actividades.

Ovidio Rodeiro explicou que "o obxectivo deste proxecto é fomentar a participación dos mozos e mozas nas actividades de voluntariado patrimonial, de servizo á comunidade como expresión de solidariedade, e promover a convivencia", indicou.

Ríos, fauna, sendeiros...

A iniciativa de recuperación do patrimonio natural na Baixa Limia-Serra do Xurés e no Macizo Central-Serra de San Mamede contará coa colaboración duns 220 voluntarios e voluntarias nas fins de semana ata xuño, en quendas de entre 20 e 25 participantes.

Con aloxamento e pensión completa nos albergues do Corgo e das Corceirizas, os voluntarios colaborarán na limpeza dos cauces de pequena entidade. Tamén axudarán a estudar a presenza de aves na zona, con especies ameazadas, e valorarán o impacto das liñas eléctricas de alta e media tensión na fauna. E ademais avaliarán a rede de sendeiros, co obxecto de crear posibles rutas de sendeirismo,

en zonas con mámoas e dolmens do Paleolítico e mostras de arquitectura medieval.

Na presentación do programa, que desenvolven as consellerías de Traballo e Benestar e de Medio Rural, o director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, destacou que "permitirá formar e sensibilizar aos participantes, ao tempo que dá a coñecer os parques naturais de Galicia e a importancia da súa protección".





Un estudo sociolóxico proba que non hai xeración Ni-Ni

● Como moito poden encadrarse nese concepto o 1% dos xóvenes

Un dos estereotipos máis falsos que se teñen difundido sobre a xuventude nos últimos tempos é que existe unha xeración desmotivada, lacazana e vividora, que nin estuda nin traballa nin ten o menor interese por facelo. Incluso a bautizaron como xeración Ni-Ni e, a golpe de titular, converteuse nun fenómeno sen base real.

Agora, un **estudo** científico deixa as cousas claras e corrobora que ese perfil da mocidade practicamente non se dá e para nada é representativo da xuventude actual. A investigación, que se efectuou no departamento de socioloxía da Universidad Complutense de Madrid, demostra que só un 1% dos mozos e mozas poden considerarse 'ni-nis'. En termos absolutos, son só 80.358 dos 7.550.163 xóvenes de entre 16 e 29 anos contabilizados pola EPA.

O estudo, presentado polo **In-juve**, ten o significativo título de "Desmontando a ni-ni. Un estereotipo juvenil en tempos de crisis" e revela tamén que este



O estudo da UCM desmonta o tópico da mocidade lacazana

colectivo de persoas "desorientadas" se ten reducido en máis de 56.000 nos últimos quince meses en toda España.

Ademais de salientar que non é un grupo relevante en número, concreta que non ten rasgos específicos que o diferencien do sector xuvenil xeral. O director do estudo, o profesor **Lorenzo**

Navarrete, explica que só hai "pequenos matices" como unha lixeira maioría de mulleres, algo máis de presenza de estranxeiros, unha maior incidencia entre os 20 e os 24 anos, e tamén entre os niveis máis baixos e máis altos de estudos, que caen nesa situación frustrados polas malas expectativas do mercado laboral.

“A xente moza ten talento e ganas de facer cousas”



Ovidio Rodeiro, na Xuntanza de Ferrol

Boa mostra de que o tópico dos ni-ni é falso foi a **VII Xuntanza Tecnolóxica Empresa-Universidade** celebrada hai uns días na Escola Universitaria Politécnica de Ferrol. Trátase dun encontro para facilitar o contacto entre empresas, institucións e universitarios, ao que asistiron unhas trinta empresas para presentar novos produtos e tamén recoller currículos e contactos para futuras contratacións.

Nesta Xuntanza tamén participa cun expositor a dirección xeral de Xuventude e Voluntariado, que ofreceu información sobre todos os recursos da Xunta en materia xuvenil. O director xeral, Ovidio Rodeiro, acudiu ata o Campus e destacou ane o alumnado da **Politécnica** que "vós sodes un exemplo de que a chamada xeración ni-ni non existe, e no seu lugar hai alumnos capaces de poñer en marcha iniciativas como esta, xente moza con talento, moitas ganas de facer cousas e tamén inquietanzas".



Entréganse os Premios Fin de Carreira do curso 2009-2010



Foto de familia da entrega dos 54 Premios Fin de Carreira 2009-2010, á que asistiu o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo

Os 54 estudantes que recibiron os premios Fin de Carreira 2009-2010 son "54 exemplos de que se pode superar a resignación, de que se pode mirar adiante con confianza e de que se pode destacar nun escenario cheo de probas eliminatorias". Así o expresou o presidente da Xunta na entrega dos recoñecementos.

Alberto Núñez Feijóo aproveitou o seu discurso para defender o sistema universitario galego e o seu fortalecemento. "É xusto que recoñezamos a importancia dos alicerces que o fixeron posible e que están -ademais de nas familias- na nosa Universidade", dixo. "E é necesario que nos comprometamos a seguir fortalecendo eses alicerces

para as xeracións vindeiras", engadiu Feijóo.

Para construír ese "novo tempo universitario", o titular da Xunta indicou que contan co Plan de Financiamento do Sistema Universitario Galego 2011-2015, cos dous Campus de Excelencia Internacional -o Campus Vida de Santiago e o Campus do Mar de Vigo-, e o plan I2C para a investigación e a innovación.

Feijóo felicitou aos premiados "plenamente consciente de que non se chega a un sitio como este se antes non se suou a camiseta". Cre que coa "excelencia profesional, o pensamento crítico e a conciencia cidadá" o futuro será "máis levado".

Un foro pon en contacto estudantes e empresas



Beatriz Mato, no Forum Cicerón

Unha colaboración adecuada entre as empresas e as universidades pode garantir a competitividade da economía e por tanto o futuro da sociedade. Desta premisa parte o **Forum Cicerón**, que pon en contacto aos 32 alumnos excelentes das universidades galegas coas empresas. Na inauguración, a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, destacou a importancia dunha mocidade ben formada como beneficio para toda a sociedade.

O Forum aspira a un traballo en equipo entre os estudantes e as empresas, dando resposta ao reto de acadar unha maior correlación entre o sistema educativo e o laboral. Foi posto en marcha polo spin off da universidade **QCoach**. Permite achegar a futuros e recentes titulados á realidade laboral, a un proceso de selección, explorar as súas habilidades e darllas a coñecer ás empresas.



A Iniciativa Xove leva á noite de Betanzos un botellón con toda a diversión e sen pinga de alcol

- Betanzos Xove demostra que a diversión nouturna é incluso mellor sen excesos co alcol

Un botellón con medio milleiro de persoas en Betanzos, localidade de marcha onde as haxa, tres actuacións musicais e festa ata a madrugada. Todo coa diversión garantida e sen consumir nin unha pinga de alcol. Ese foi o resultado do proxecto "Marcha + sen alcol", impulsado polo grupo informal Betanzos Xove ao abeiro do programa Iniciativa Xove, da dirección xeral de Xuventude e Voluntariado.

A actividade ten como obxectivo principal "intentar concienciar á xente dos efectos e das consecuencias que ten conducir baixo os efectos do alcol", tal como explica Zoila Cortizas, do grupo organizador. Viron que para os mozos da comarca Betanzos era un punto de partida nas súas saídas nouturnas e entenderon que había que facer algo para evitar os accidentes de tráfico, orixinados en gran medida pola inxesta de alcol. A solución é facerlles ver aos máis novos que hai que evitar a mestura de estrada e alcol, por exemplo poñendo en práctica a figura do **conductor alternativo**.

Por eso, nesa noite de diversión dispuxeron incluso de profesionais cocteleiros que prepararon todo tipo de combinados sen alcol. Todos aqueles que desen o ansiado 0,0 nas probas de alcolemia que efectuaron no propio Paseo da Tolerancia brigantino recibiron vales gratuítos para consumicións sen alcol nos bares da localidade.

E por suposto non faltou a música, cos grupos **Aghorafobia** e **Casual Troupe**, e co betanceiro/brasileiro Mix.

Esta iniciativa xuvenil está na liña da campaña "**Libre de alcol, libre de preocupacións**", posta en marcha por Xuventude nas principais vilas e cidades e coa colaboración do sector da hostelería.



Charlas divulgativas

O proxecto de Betanzos Xove non se limitou a unha noite de marcha, senón que se tivo tamén unha destacable compoñente didáctica. Ofreceron charlas en autoescolas e psicotécnicos para concienciar á mocidade no proceso formativo previo á obtención do permiso de conducir, con vídeos nos que se expoñían experiencias de vítimas de accidentes de tráfico. Nesta proposta contaron coa colaboración de autoescolas e psicotécnicos.



VIAXE A MUNICH



Munich, bastante máis que unha boa cervexa

O seu nome está moi vinculado ao fútbol por ter un dos clubs máis sobranceiros de Europa, ao motor por ser a orixe dunha dos máis prestixiosos emblemas da industria xermana, ou ao consumo en cantidades xenerosas da que, valéndonos do slogan daquen anuncio, é probablemente a mellor cervexa do mundo.

Sen embargo, á hora de visitar **Munich** hai unha infinidade de posibilidades que van máis alá dos tópicos. A capital de Baviera, estando na vangarda industrial e tecnolóxica, é tamén unha cidade idónea para coñecer os costumes e os hábitos máis típicos da rexión. Non é casualidade que sexa o segundo destino para os visitantes de Alemaña.

Tampouco o é que sexa a terceira urbe por volume de poboación -supera os 1,3 millóns de habitantes-, xa que está considerado o lugar con mellor calidade de vida de todo o país, por dúas razóns principais: a prosperidade económica que outorga o seu potente e innovador sector industrial, e un estilo de vida no que prima a conservación das súas mellores tradicións. Por exemplo, existe unha lei que impide construír edificios máis altos que as torres da catedral, de xeito que se podan ver desde toda a cidade.



Houbo quen foi para quedar

LUGARES IMPRESCINDIBLES

A Antiga Pinacoteca, un imponente edificio neoclásico, alberga máis de 8.000 obras, desde a época medieval ata o século XIX. Son pezas colecciónadas pola nobreza e realeza bávara ao longo de séculos. Entre elas, hai algúns dos mellores expoñentes do Século de Ouro español.



A **Marienplatz**

foi orixinariamente un mercado de agricultores e comerciantes. Hoxe é epicentro da cidade. Destaca o edificio do novo concello -o **Neues Rathaus**- e a súa torre de 85 metros, cun carillón que recrea a diario unha danza local contra a peste negra que afectou á cidade nos séculos XIV e XV.



A Frauenkirche ou Catedral da Nosa Señora, do século XV e con certas influencias bizantinas, é un dos emprazamentos máis visitados de Munich. Ademais do interese do propio edificio, tamén destaca a opción de acceder a unha das torres como mirador desde o que se observa toda a cidade e as paisaxes dos Alpes.



Non está xusto en Munich, pero unha vez alí é case obrigado visitar os castelos de Linderhof. O **Neuschwanstein** acadou gran sona desde que Walt Disney o tomou como imaxe. Foi construído a finais do XIX en tempos de Luis II, o Rei Tolo.



Polo de agora non ten categoría de monumento clásico, pero o **Allianz Arena**, coa súa forma de bote inflable, tamén é digno de visita.



VIAXE A MUNICH



Estómagos delicados, mellor absterse

A gastronomía propia de Baviera non é excesivamente variada, pero si moi propia. Todo en cantidades industriais e para estómagos a proba de bombas. Salchichas, carne, queixo, rosquiñas, e varias salsas, entre elas a mostaza doce, son as principais opcións.

Entre as salchichas, as máis coñecidas son as **Weisswurst** ou salchichas brancas. Non teñen moito segredo: carne de vacún ben picadiña, manteiga de porco, especias e máis ben pouco sal. Cómense cocidas e sen cortar, a ser posible acompañadas pola mostaza doce. A técnica idónea require certa pericia, pero en esencia é chupar o interior e irse desfecendo da tripa. A tradición é papalas antes de mediodía.

Outro embutido bávaro que hai que probar é o **Leberkäs**, un paté pasado polo forno elaborado con carne de porco e vaca,

touciño con cebola e noz moscada. Cómese quente e a ser posible acompañado dun pan especial.

As Brezn ou rosquiñas salgadas son practicamente un prato en si mesmas, pero adoitan servir de acompañamento. Coa súa característica forma de oito, o feito de ir ao forno cunha capa de sal gordo fai que trisquen moi ben e son aptas para untar con salsas.

Entre tanta caloría, o máis lixeiro que hai á mesa en Munich son seguramente o Obatzda e o Radi. O primeiro débese consumir fresco e consiste nunha preparación de queixo camembert en migallas adobado con cebola, pementa e pementón, manteiga, sal e xema de ovo. O Radi é simplemente un rábano que se corta moi finíño e vai moi salgado. Cómese cos dedos.

Todo esto sempre empacellado con cervexa como bebida, sempre que non a



consideremos como un alimento máis. Pedir outra cousa, ademais de inútil, sería un sacrilexio. E nada de quintos, xa que o máis frecuente é que as sirvan en xerras de litro, con opción de repetir ata que as circunstancias o aconsellen. Por suposto, hai moitos tipos e marcas onde escoller, pero a máis habitual é a **Helles**, de baixa fermentación. A **Weissbier** ten tamén moitos afeccionados. É de alta fermentación e polo menos a metade do cereal debe ser trigo. Por certo, está comprobado que o seu consumo axuda a poñerse o traxe tradicional bávaro, que é a última moda, tamén para o visitante, nas tabernas máis veteranas e no Oktoberfest.

A Oktoberfest, quince días para a cervexa

“O ‘zapft is!” ou “Xa está aberto!” é o berro co que, no mediodía do primeiro sábado despois do 15 de setembro, o alcalde abre a barrica de cervexa coa que se inaugura a festa máis coñecida a nivel mundial de Munich: a **Oktoberfest**.

Esta celebración, que atrae a uns seis millóns de persoas cada ano (máis de dúas veces Galicia), naceu en 1810 nas festas nupciais do que acabaría sendo o rei Luis I. A farra gustara tanto que a volveron celebrar ao ano seguinte, e ao outro, e ao outro... ata vi-

rar en tradición irrenunciabile.

Os festexos duran arredor de dúas semanas e contan con todo tipo de atraccións. Pero quen prefiran evitar as multitudes, durante todo o ano pódese ir a locais tan emblemáticos como a **Hofbräuhaus**, unha cervexería aberta desde 1587, ou a **Bayerischer Dionisl**, con moi boa gastronomía local.

Todo un tributo aos monxes que, ademais de fundar a cidade e darlle nome, perfeccionaron a técnica de elaboración da cervexa durante séculos.





SEGUNDA EDICIÓN DO FESTIVAL VIGO TRANSFORMA: DO 23 DE XUÑO AO 3 DE XULLO

Hai segundas partes que si son boas

● Vigo Transforma reafirma o seu prantexamento multidisciplinar

Comezou o ano pasado como unha potente aposta musical e artística coa que avivar o xa de por si rico panorama cultural vigués. E lonxe de esmorecer, este ano o **Vigo Transforma** volve a por todas, cun programa que se acaba de presentar.

Para comezar, amplía a súa programación a practicamente dúas semanas, entre o 23 de xuño e o 3 de xullo. O cartel mantén a talla no máis alto, xa que ten confirmados ata agora a nomes de tanta relevancia

nacional e internacional como **Yann Tiersen**, **Vetusta Morla** (reaparecen en Vigo despois dun tempo preparando o novo disco que sae dentro duns días), **The Pains of Being Pure at Heart**, **Russian Red**, **Xoel López**, **The Gift**, **Ron Sexsmith**, **CatPeople**, **Eladio y los Seres Queridos**, e **Hola a Todo el Mundo**.

Ademais de todas estas actuacións no Porto, o Vigo Transforma complementase cunha programación


alternativa con obradoiros, obras e instalacións artísticas en diversos emprazamentos da cidade olívica, transformada de novo nun xigante contedor cultural.

Neste eido, o máis destacado é o programa Vasos Comunicantes, cos proxectos Sonosfera -a cargo de **Chiu Longina**- e Waves -preparado por **Daniel Palacios**. Ámbolos dous espectáculos procuran que os espectadores interaccionen cos sons nos espazos onde se van ubicar.

Podes seguir o Vigo Transforma en:




O CARTEL




The Gift

As entradas aínda non están á venda




Yann Tiersen



Xoel López



Vetusta Morla



Russian Red



The Pains of Being Pure at Heart



Eladio y los Seres Queridos



Hola a Todo el Mundo



CatPeople



Ron SexSmith

NON O PERDAS

ARIEL ROT. A CORUÑA.
7 DE MAIO. LE CLUB.



RUSSIAN RED. SANTIAGO.
28 DE MAIO. SALA CAPITOL.

NON O PERDAS

VIGO

3 de maio

Abe Vigoda - Marco

5 de maio

Holywater - Casa de Arriba

7 de maio

Sho Hai - Mondo Club

12 de maio

La Familia - Casa de Arriba

13 de maio

Slim Cessna`s Auto Club
La Iguana Club

19 de maio

M. Ward -
Auditorio Municipal

Cass McCombs - Marco

21 de maio

Los Tiki Phantoms -
Fábrica de Chocolate

PONTEVEDRA

13 de maio

Dorian - Sala Karma

14 de maio

El Chojin - Sala Karma

19 de maio

Pastora - Sala Karma

21 de maio

Nacho Vegas + Refree
Sala Karma

PONTEAREAS

22 de maio

Dry Martina - A Regueifa

A CORUÑA

5 de maio

Los Mecánicos -
Dublin Irish Pub

6 de maio

Sho Hai - Ola Green

Los Vengadores - Le Club

7 de maio

Los Válvulas/The Kanaloas
Garufa

9 de maio

Proyecto Trepia
Forum Metropolitano

12 de maio

Zënzar - Forum Celticum

13 de maio

El Chojin - Le Club

14 de maio

Dorian - Playa Club

19 de maio

North Mississippi Allstars +
The Money Makers
O Túnel

Dry Martina - Le Club

20 de maio

Los Tiki Phantoms- Le Club

21 de maio

Cancertators - Mardi Gras

CALDAS DE REIS

6 de maio

Sweet Oblivion Band
Zona Cero

FERROL

7 de maio

K-Raxe - Fundación Artabria

20 de maio

Track Dogs - Manchita Cosa

21 de maio

Philip Glass - Teatro Jofre

SANTIAGO DE COMPOSTELA

5 de maio

La Familia - Sala Moon

7 de maio

Black Lips + Fuckin` Bollocks
Sala Capitol

19 de maio

Los Tiki Phantoms - Moon

20 de maio

Nacho Vegas + Refree
Sala Capitol

21 de maio

Jit - Sala Moon

BAIONA

7 de maio

Dakidarría - Marrucho

MELIDE

6 de maio

Pé de Boi - Sala 600

13 de maio

Kako Malayo - Sala 600

20 de maio

Zënzar - Pub Gatos

LUGO

19 de maio

Track Dogs - Clavicémbalo

21 de maio

Dry Martina -
Clavicémbalo

CANGAS DO MORRAZO

6 de maio

Proyecto Trepia
Auditorio Municipal

13 de maio

Jit

Chiapas Rock Bar

Niño y Pistola - Sala Son

ORDES

20 de maio

Faino ti -Badulake

VILAGARCÍA DE AROUSA

7 de maio

Maryland - Samá Samá

LAXE

20 de maio

Dry Martina - A Ventana